

### 1. a. Que problemas presentaba a Rusia tsarista a comezos do século XX?

Seguía ancorada no Antigo Réxime e mantiña unha monarquía absoluta.

A economía seguía sendo agraria e a maioría vivía na miseria.

A existencia de distintas forzas políticas clandestinas opostas ao tsarismo.

### b. Que partidos políticos se opoñían a tsarismo? Indica as diferenzas fundamentais entre menxeviques e bolxeviques.

- O Partido Socialista Revolucionario (Kerensky).
- O Partido Constitucional Demócrata
- O Partido Obreiro Socialdemócrata Ruso, de ideoloxía marxista, dividiuse en:
  - os menxeviques máis moderados e partidarios de colaborar nun réxime liberal de transición ao socialismo.
  - os bolxeviques radicais liderados por Lenin que rexeitaban calquera forma de colaboración co sistema burgués e quequerían implantar canto antes a ditadura do proletariado.

### 2. a. A Revolución de 1905

O exército tsarista foi **derrotado polas tropas xaponesas** nunha guerra motivada polos intentos rusos de expansión en Asia. Inmediatamente, producíronse **disturbios**, provocados tanto polo descontento que causou a derrota coma pola **crise económica** que se vivía nese momento. Na Revolución de 1905 as **masas populares** se dirixiron ao **Palacio de Inverno** en San Petersburgo residencia do tsar na capital do país, para facerlle chegar as súas peticións.

Os manifestantes non pretendían **destruír o tsarismo**, tan só mellorar as súas condicións de vida e forzar o inicio de **reformas políticas**.

A resposta das autoridades foi unha **violenta represión**, que se saldou con numerosos mortos e feridos. Por iso, coñécese este día como **Domingo Sanguento**.

A onda de protestas e folgas durou **varios meses**.

### b. Que é un soviets? E a Duma?

Soviet: asembleas populares de campesiños e obreiros

Duma: parlamento ruso

### 3. Ordena cronoloxicamente estes feitos da Revolución de Febreiro.

Creación do Goberno provisional de Kerensky.

Manifestación en Petrogrado co lema “Pan e Paz”

O tsar abdica.

Folgas e manifestacións polas derrotas na Gran Guerra.

Creanse os soviets e as milicias armadas.

Folga Xeral e motíns nos cuarteis.

|   |
|---|
| 1. Créanse soviets e as milicias armadas.                 |
| 2. Folgas e manifestacións polas derrotas na Gran Guerra. |
| 3. Manifestación en Petrogrado co lema “Pan e Paz”        |
| 4. Folga Xeral e motíns nos cuarteis.                     |
| 5. Creación do Goberno provisional de Kerensky.           |
| 6. O tsar abdica.   |

#### 4. Goberno provisional

a. A existencia dun **dobre poder** (Goberno provisional e soviets) creou unha **grande inestabilidade política**.

O Goberno decidiu que Rusia **seguise na guerra** na guerra, pero as derrotas continuaron.

O protagonismo dos **soviets** medrou.

**Lenin**, líder dos bolxeviques, regresou do seu exilio e presentou un programa plasmado nas **Teses de Abril**.

As derrotas na guerra e o descontento da poboación civil provocaron unha **insurrección popular** en xullo en Petrogrado.

O Goberno **acusou os bolxeviques** de organizala e **Lenin tivo que exiliarse**.

En setembro, o Goberno provisional enfrontouse ó **golpe de Estado do sector conservador do Exército**, liderado polo xeneral Kornílov.

**b. Quen escribiu as Teses de Abril? Lenin,**  
**Cales eran os puntos principais desas Teses?**

A retirada de Rusia da guerra coa firma inmediata da paz,

A redistribución da terra,

O control das fábricas polos comités de obreiros,

A autonomía para as nacionalidades e a entrega do poder aos soviets.

#### 5. Contesta.

**a. Cales son os pasos que se dan na revolución de outubro de 1917?**

1. A noite do 24 de outubro de 1917, Lenin instalouse na sede do soviets de Petrogrado.

2. O día 25 os soviets controlados polos bolxeviques, apoderáronse dos puntos estratéxicos da capital,

3. Asaltaron o Palacio de Inverno e detiveron o Goberno provisional.

4. A revolución triunfou. Creouse o primeiro Goberno bolxevique, presidido por Lenín.

**E as consecuencias inmediatas?**

Inmediatamente, negociou a saída da guerra (Tratado de Brest-Litovsk), e cumpre co resto dos principais puntos da Teses de Abril.

**b. Explica brevemente a guerra civil rusa.**

1. Os contrarrevolucionarios crearon o exército branco e os bolxeviques, o exército vermello.

2. O exército branco contou coa axuda de varias potencias estranxeiras, que temían que a revolución se estendese polos seus países.

3. Pero a guerra terminou coa vitoria dos bolxeviques.

**c. Que é o comunismo de guerra? En que consiste?**

- Unha política económica levada a cabo polos bolxeviques na guerra civil rusa para abastecer a fronte e as cidades durante a contenda.

- Nacionalizouse a industria e requisáronse as colleitas para alimentar o exército.


## 6. Observa e responde.

### 23. A URSS EN 1939



#### FAINO ASÍ

- 11**
- Que repúblicas formaban a URSS en 1922? E en 1940?
  - Elabora un eixe cronolóxico en que inclúas as datas de incorporación á URSS das diferentes repúblicas.



**1918** Rusia, Bielorusia  
**1920** Ucrania, Armenia,  
 Acerbaixán  
**1921** Xeorxia

**1924** Turkmenistán,  
 Uzbequistán.  
**1929** Taxiquistán  
**1936** Kazakhstán, Kirguizistán  
**1940** Letonia, Lituania, Estonia,  
 Moldavia.

## 7. Agrupa os feitos que ves baixo o cadro nunha das celdas do mesmo.

| Revolución de 1905.   | Rev. de febreiro e Goberno provisional.   | Rev. de outubro e guerra civil.   | Evolución tras a guerra civil.  |
|---|---|---|---|
| Derrota exercito tsarista por xaponesas.<br>- Domingo Sanguento.<br>- Manifesto Imperial. | - Folga xeral.(25 de II)<br>- Goberno de Kerensky.<br>- Teses de Abril.<br>- Golpe de estado dos conservadores. | - Asalto o Palacio de Inverno.<br>- Goberno de Lenin.<br>- Enfrent. exercitos branco e vermello.<br>-Comunismo d Guerra.<br>- <b>A NEP.</b> | - <b>A NEP.</b><br>- Nacemento da URSS.<br>- Morte de Lenin e ascenso de Stalin<br>- Socialismo nun país. |

Comunismo de Guerra.

Enfrontamento dos exércitos branco e vermello.

Derrota exercito tsarista polas trapas xaponesas.

Socialismo nun só país.

Goberno de Kerensky.

Nacemento da URSS.

Domingo Sanguento.

Goberno de Lenin.

Manifesto Imperial.

Folga xeral.

A NEP.

Teses de Abril.

Golpe de estado dos conservadores.

Asalto o Palacio de Inverno.

Morte de Lenin e ascenso de Stalin o poder.

## 8. Crise do 29 e Gran Depresión.

### a. Cales son as dúas principais causas da crise do 29? Explica.

- A superproducción. Durante a Gran Guerra, os países non implicados na contenda dedicáronse a producir bens de consumo. Tras a guerra, sumáronse os implicados, o que xerou excedentes.

- A especulación. Os bancos concederon créditos que se destinaban a investir na Bolsa. O valor das súas accións seguía subindo pero non se correspondía cos beneficios reais das empresas.

### Que sucedeu o xoves negro?

- O xoves negro (24 de outubro), na Bolsa de Nova York produciuse unha venda masiva de accións, que ninguén compraba. Moita oferta e pouca demanda provocou a perda de todo o seu valor e as empresas e investidores arruináronse: foi o crac do 29.

### Que sucedeu na gran depresión?

En EEUU:

O afundimento da Bolsa deu lugar a unha grave crise económica.

- Os bancos afundíronse porque os clientes retiraron o seu diñeiro e os préstamos non se devolveron.

- O descenso da demanda e unha diminución dos investimentos ocasionou o peche de moitas empresas. O desemprego disparouse.

A crise estendeuse polo mundo.

- EEUU reduciu as importacións. o que arrastrou os países que lle subministraban materias primas (latinoamerica).

- A banca estadounidense empezou a repatriar os capitais investidos o que afectou especialmente a Alemaña e Austria, onde quebraron numerosas industrias e bancos.

**O New Deal de Roosevelt**

A nosa principal tarefa é poñer o pobo a traballar. Non é un problema insoluble se o afrontamos con sabedoría e valentía. Esta tarefa pode realizarse en parte se o Goberno [...] ofrece empregos directamente [...]. Debemos [...] recoñecer o exceso de poboación dos nosos centros industriais e [...] empeñarnos nun mellor uso da terra [...]. É posible colaborar nesta tarefa se se fan esforzos precisos co fin de elevar os prezos dos produtos agrícolas e, así, o poder adquisitivo dos nosos cidadáns. [...] Por último, [...] deben supervisarse estritamente todas as actividades bancarias, créditos e investimentos, poñéndose fin ás especulacións [...]; e debe existir unha moeda forte e estable [...].

F. D. ROOSEVELT, Discurso de toma de posesión, 4 de marzo de 1933

**9. Lee e contesta.****a. Texto de Roosevelt. New Deal.**

**- Que sistema económico é o tradicional nos EEUU? Descríbeo brevemente.**

O liberalismo económico.

Promove a liberdade económica e está en contra da intervención do Estado na economía.

**- Fala o texto dunha forma clásica dese sistema económico? Explica.**

Non.

O goberno crea emprego, intervén na produción e prezos dos produtos agrícolas, supervisa a banca e os investimentos...

**b. Que medidas propuxo Roosevelt para saír da crise?**

- Investiu en obras públicas para crear emprego e axudou as grandes empresas, estimulando o investimento.
- Subvencionou os agricultores para que producisen menos e así subisen os prezo e aumentasen os beneficios.
- Mellorou as condicións laborais.
- Reestruturou o sistema financeiro.

**10. Contesta as seguintes cuestións.****a. Que sucede ca hexemonía económica internacional trala 1ª GM?**

Desprazouse desde o Reino Unido cara a Estados Unidos: Nova York substituíu a Londres como principal centro financeiro internacional.

**Describe o nivel da economía dos EEUU nos anos 20.**

Produciuse un gran crecemento industrial. Aumentou o nivel de vida e como consecuencia xurdiu a sociedade de consumo.

**Que sucede en Europa ata 1924? E despois do 24?**

A readaptación das economías á paz foi longa e difícil debido á destrución provocada pola guerra, á inflación e ao aumento do paro. A crise foi especialmente forte en Alemaña.

A partir de 1924 produciuse un crecemento da produción, un descenso do paro e unha mellora do nivel de vida nos países europeos, aínda que en menor medida ca en Estados Unidos.

**b. Describe as relacións entre Francia e Alemaña do 20 ao 24.**

A tensión entre Francia e Alemaña era moi elevada e a situación estalou cando Alemaña non puido pagar as reparacións de guerra; polo que Francia non podía pagar a débeda. O exército francés ocupou o Ruhr para explotar as minas de carbón e aceiro.

**E de 1925 a 1929?**

Tras a posta en marcha do Plan Dawes e o entendemento económico as relacións melloraron.

**c. Que é o Plan Dawes?**

Alemaña recibiría un préstamo de EEUU que lle permitiría pagar as reparacións aos aliados, e estes, á súa vez, poderían pagar as súas débedas a EEUU

**Que acepta Alemaña co Tratado de Locarno?**

Alemaña recoñecía as súas fronteiras con Francia e Bélxica fixadas na Paz de Versalles e aceptaba que a zona desmilitarizada de Renania quedase baixo control británico e italiano.

## **Que é o Pacto de Briand-Kellog?**

Pacto no que os asinantes rexeitaron a guerra como forma de resolver os conflitos internacionais.

### **11. Contesta.**

#### **a. Indica as bases ideolóxicas do fascismo. (Copiar 3)**

- Oposición á democracia e ao comunismo.
- Submisión do individuo ao Estado. Con un líder todopoderoso e infalible (o duce).
- Existencia dun partido único (P. Fascista), fortemente xerarquizado. Sen eleccións libres.
- Culto á violencia. Calquera forma de oposición era duramente reprimida.
- Monopolio dos medios de comunicación de masas e uso da propaganda para controlar e manexar a opinión pública. Grande importancia dos símbolos. Control da educación.
- Control estatal da economía, co fin de lograr a autosuficiencia económica (autarquía).
- Exaltación dos valores nacionais. Ideoloxía que defendía a desigualdade entre os pobos.
- Glorificación da guerra e do militarismo que levan a un nacionalismo feroz e expansionista.

#### **b. Que trazos propios tiña o nazismo que non ten o fascismo italiano?**

- O racismo e a defensa da superioridade da raza aria. Esta raza debía impoñerse aos "pobos inferiores", como os latinos, os eslavos... Pero a principal manifestación racista foi o odio aos xudeus (antisemitismo).
- A teoría do espazo vital. Defendía que os arios podían conquistar territorios doutros países para que os ocupase a poboación alemá. Especialmente á URSS.

#### **c. Que catro métodos utiliza Stalin para controlar o poder na URSS? (Copiar 2)**

- O culto á personalidade. Mediante a propaganda enxalzábase a imaxe de Stalin como "gran benfeitor" e "pai" do pobo. Eliminouse calquera trazo positivo dos seus inimigos.
- O reforzo do poder do Partido Comunista. Se se quería participar na vida política a través dos Soviets, era necesario pertencer ao PCUS.
- O terror. Para calar calquera oposición utilizouse o NKVD (policía política): purgas (depuracións), campos de concentración (gulags)...
- O control da cultura. A arte debía servir como propaganda. Estableceuse unha única tendencia oficial, o realismo socialista, que enxalzaba a revolución.

### **12. Contesta.**

#### **a. Que caracteriza a economía americana nos anos 30? Como se chama a política económica que se pon en marcha? Que presidente a pon en marcha?**

- Unha maior intervención do Estado na economía.
- Franklin D. Roosevelt puxo en marcha un programa chamado New Deal.

#### **b. Que caracteriza a economía nazi antes da guerra? Quen lidera a Alemaña nese momento?**

Para superar a crise que padecía Alemaña, o Estado nazi intervén directamente na economía. Hitler.

#### **c. Que caracteriza a economía da URSS dos anos 30? Como se chamaban os plans que rexían a economía? Quen lidera a URSS nese momento?**

- O Estado debía planificar a economía. Creouse o Gosplán, un organismo encargado do deseño e preparación dos plans económicos.
- Plans quinquenais. Stalin.

#### **d. Ves algunha similitude entre as tendencias económicas dos tres estados anteriores? Cal?**

Si. En tódolos casos podemos observa unha gran intervención do Estado na economía.

## **Difiren as tendencias económicas dos anos trinta cas actuais? Como?**

Si.

As tendencias actuais nos dirixen a un neoliberalismo no que o estado privatiza funcións que ata agora eran públicas e intervén cada vez menos na economía.

### **13. Italia.**

A economía estivo caracterizada por unha elevada **\_inflación\_** e un crecente **\_desemprego\_**.

Gran parte da poboación comezou a apoiar partidos e grupos extremistas: o Partido **\_Comunista\_**, á esquerda, e os **\_Fasci Italiani di Combattimento ou Fascistas\_**, dirixido por Benito Mussolini, á dereita.

Tras a demostración de forza que supuxo a **\_\_Marcha sobre Roma\_\_** (1922) conseguiu o seu obxectivo, e o rei **\_\_Vítor Manuel III\_\_** ofreceu a formación do Goberno a Mussolini.

Desde 1925 implantou **\_ unha ditadura\_**: eliminou os seus oponentes, prohibíronse **\_\_os partidos políticos\_\_** (agás o fascista) e os **\_sindicatos\_**, e suprimíronse as liberdades individuais. Tamén se creou unha **\_\_policía política\_**, a OVRA, e implantouse a censura.

### **14. O ascenso ao poder de Hitler e o totalitarismo nazi.**

A difícil situación económica de Alemaña na década de 1920 aumentou a **\_\_crise económica e tensión política/social\_**. Para pagar as reparacións de guerra, o Goberno tivo que emitir gran cantidade de moeda, o que provocou **\_hiperinflación\_**, suba continua dos prezos e un empobrecemento da clase media tradicional.

O **\_xeneral/mariscal Hindenburg\_** foi elixido presidente da República en 1925 e a tensión política pareceu relaxarse.

Alemaña foi un dos países máis afectados pola Crise do 29. As tensións sociais aumentaron.

Nestas circunstancias, os obreiros e as clases medias comezaron a apoiar o **\_Partido comunista\_** e o **\_\_Partido Nazi\_**, respectivamente.

Nas eleccións de novembro de 1932 foron os partidos máis votados. Hindenburg, empuxado polos homes de negocios e polos grupos máis conservadores de Alemaña, nomeou **\_\_chanceler\_\_** a Hitler en xaneiro de 1933, que se fixo con todo o poder en Alemaña.

O 27 de febreiro de 1933 os nazis provocaron o **\_ incendio do Reichstag \_**. Culparon aos comunistas, e acabou con todos os que puidesen opoñerse a el.

Na **\_ noite dos coitelos longos\_**, en xuño de 1934, mandou asasinar os seus rivais dentro do NSDAP, moitos deles membros das S.A.

En agosto, Hindenburg morreu e Hitler converteuse no **\_presidente da República\_**, co que acumulaba os tres cargos principais do país: xefe de Estado, xefe do Goberno e presidente do único partido legal no Terceiro Reich, resumido no nome de Xefe ou **\_Führer\_**.